

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E O CLUB ATLÉTICO ARTEIXO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FÚTBOL.


En Arteixo a 23 de maio de 2019.


Dunha parte D. Carlos Calvelo Martínez, maior de idade con Documento Nacional de Identidade 32.824.251-P, Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, que actúa na representación deste que legalmente lle corresponde, e a Secretaria Xeral D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos que dá fe do acto.

Doutra parte D. José López Souto, maior de idade e como presidente do Club Atlético Arteixo, con DNI. 32.332.917-T

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e polo tanto para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

### MANIFESTAN


- 
- Que o Concello de Arteixo, ten dentro dos seus fins:
    - a) Universalizar e facilitar o acceso á práctica de Actividade Física e deporte en toda a poboación, co fin de acadar un mellor benestar, potenciando a calidade de vida, e o equilibrio social
    - b) Promocionar e fomentar o deporte de base entre os nenos e nenas do Concello.
    - c) A promoción, fomento, coordinación e organización de actividades e servizos físico-deportivos para contribuír ao desenvolvemento da cultura física da poboación do municipio de Arteixo e moi especialmente das comprendidas nas Escolas Deportivas .
    - d) Facilitar a utilización das instalacións deportivas municipais ao máximo número posible de cidadáns da localidade.
    - e) Establecer convenios de colaboración con clubs e asociacións para potenciar o asociacionismo deportivo e en aras a conseguir unha maior participación cidadá no sistema deportivo local.

- 
- Que o Club Atlético Arteixo, ten como finalidade a promoción deportiva e especificamente a práctica de fútbol. Dispoñendo para tal fin de suficiente organización e estando afiliado ás correspondentes Federacións Deportivas (Federación Galega e Española de Fútbol)

- Que o Club Atlético Arteixo conta na actualidade con Escolas Deportivas de cara a promocionar a práctica deportiva do fútbol nas parroquias e lugares do Concello de Arteixo

- Que dada a común finalidade de promoción e práctica deportiva e co obxecto de coordinar as ofertas deportivas dos seus ámbitos respectivos, se subscribe o presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes

### ESTIPULACIÓNS



**PRIMEIRA.-** O Club Atlético Arteixo (en adiante Club) colaborará nas Escolas Deportivas, promoción do deporte federado e á organización de eventos segundo a cláusula quinta, e acollerá a todas as persoas usuarias que cumpran os requisitos que se establezan para a inscrición na mesma sen que, en ningún caso, poidan comportar discriminación por razón de idade, condición física, sexo ou outras circunstancias sociais.

As Escolas Deportivas terán como principal obxectivo a promoción do Fútbol con fins educativos, lúdicos e sociais e contará con un mínimo de dúas sesións semanais de hora e media, cunha ratio docente/alumno de 1/15.

**SEGUNDA.-** Os monitores da Escola Deportiva e deporte federado, serán contratados e remunerados polo Club, na forma que legalmente está establecida (facturas, nóminas ou recibos coa correspondente retención do IRPF), de quen dependerá, o cal fixará ademais o programa de ensinanza e réxime interior.

O Concello de Arteixo (en adiante Concello) queda excluído de toda relación laboral ou mercantil con calquera das persoas, tanto físicas como xurídicas, que a través do Club colaboren, participen, executen traballo ou presten servizos en orde o cumprimento do presente convenio

O club estará obrigado a que o persoal e monitor encargados de executar e impartir as Escolas Deportivas, se atope en posesión da cualificación necesaria que deberá acreditarse por medio de titulación académica (Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, Maxisterio con especialidade en Educación física, ciclo formativo de animación de actividades físicas e deportivas) ou titulación deportiva específica á modalidade deportiva de referencia.

**TERCEIRA.-**

a. Para adestramentos e competicións oficiais federadas, o Club gozará dunha bonificación do 100% do importe da cota tributaria sinalada no artigo 5A e 5B da Ordenanza nº 8, taxa por prestación do servizo público do complexo deportivo municipal de Arteixo, prestación de servizos noutras instalacións deportivas e outros servizos análogos, xa que cumpre cos criterios establecidos na referida ordenanza

a. Os horarios de adestramentos e escolas deportivas serán os que determine a Concellería de Deportes.

b. A entidade deportiva non poderá percibir cantidade ningunha pola utilización das instalacións deportivas municipais como consecuencia de cesión a terceiros, nin poderá autorizar o seu uso con estes sen expreso consentimento do Concello; virá obrigada ao cumprimento das instrucións de uso que se cursen a través do Servizo Municipal de Deportes.

c. O Concello de Arteixo resérvase a facultade da utilización das instalacións cedidas, para actos que se programen dentro do ámbito do exercicio das súas competencias municipais.

d. O presente convenio non exclúe da obrigatoria solicitude anual da distribución de instalacións deportivas municipais á entidade deportiva, sendo competencia municipal a distribución en días e horas que anualmente se determine.

e. O Concello respectará o acordo que outorgue o correspondente beneficio económico á citada entidade polos dereitos por publicidade que a Entidade Deportiva teña contratadas durante o desenvolvemento dos partidos de liga ou Copa. A Entidade Deportiva respectará a publicidade institucional que o Concello teña nas súas instalacións. Cando se trate dun acto de mutua colaboración quedará remitido ao acordo que entre as partes se estableza

f. O Concello comprométese a ceder o uso das instalacións do Campo de Fútbol de Herba Natural Ponte dos Brozos, sendo a cargo do Concello os gastos de mantemento, luz, auga e teléfono. O club deberá asumir a limpeza de ditas instalacións



**CUARTA.-** O Club comprométese a colocar publicidade estática institucional do Concello de Arteixo e do Servizo Municipal de Deportes en lugar preferente en todos os encontros de liga e outras competicións ou actos deportivos organizados por esta. Igualmente en cartelería, folletos, entradas e publicidade en xeral editados con ocasión do desenvolvemento de actos deportivos, deberá figurar o logotipo de identificación do Concello, especialmente na uniformidade dos deportistas federados da entidade.

O Servizo Municipal de Deportes, poderá autorizar a existencia de publicidade, estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte, se o solicita o club.

**QUINTA.-** O Club obrígase ademais a:

a) Colaborar co Concello na organización e realización dos xogos deportivos municipais, Escolas Deportivas, eventos deportivos populares, torneos, campus e calquera outra actividade que contribúa a promoción do deporte, entre elas o Día do Deporte na Rúa. Tal colaboración traducirase en coordinación técnica, apoio do persoal do Club, difusión da actividade, axuda na montaxe e desmontaxe de esta e todo canto requira a organización dos eventos.

b) A organización dos seguintes acontecementos deportivos

- Torneo de Prebenxamíns Concello de Arteixo
- Torneo de Benxamíns Concello de Arteixo
- Torneo de Alevíns Concello de Arteixo
- Torneo de Infantís Concello de Arteixo
- Torneo de Cadetes Concello de Arteixo
- Torneo de Fútbol Santiago Apóstol
- Campus de Fútbol de Verán

c) Aportar o material necesario para o desenvolvemento normal das actividades referidas, agás o equipamento da instalación que corresponderá ao Concello.

d) Presentar á Concellería de Deportes e levar a cabo en setembro de cada ano un programa de actividades e especialmente das Escolas Deportivas con indicación de obxectivos, contidos, temporalización, destinatarios do programa, metodoloxía, recursos materiais, recursos humanos e avaliación con relación de indicadores para a avaliación.

e) Nomear un responsable do programa de actividade que actuará como interlocutor válido cos servizos técnico-deportivos municipais.

f) Presentar á Concellería de Deportes informes trimestrais para o seguimento da actividade e a consecución dos obxectivos previstos, segundo a programación presentada no mes de setembro.

g) Contratar os/as monitores deportivos, coa titulación legalmente esixida, necesarios para o funcionamento da Escola. Os datos persoais do responsable e dos monitores deportivos consignaranse na programación presentada no mes de setembro

h) Manter as instalacións que utilicen en perfectas condicións e informar ao Servizo Municipal de Deportes de cantas incidencias se produzan nas mesmas. Tal Servizo, cando así o considere, inspeccionará o uso que se faga destas.

i) Consultar, por escrito e con carácter previo ao Servizo Municipal de Deportes acerca de calquera iniciativa encamiñada a promocionar a Escola Deportiva.

j) Asistir a cantas reunións sexan convocadas polo Servizo Municipal de Deportes facilitando todo tipo de información relativa á actividade que lle sexa requirida por estes.

k) Presentar unha memoria final de tempada de acordo co programa de actividades desenvolvido, antes do 30 de novembro, de cada ano.



**SEXTA.-** O Club e o persoal que imparte as Escolas Deportivas eludirán calquera conflito persoal cos alumnos informando expresamente de todo incidente que se produza ao Servizo Municipal de Deportes. O persoal contratado polo Club observará en todo momento o necesario decoro persoal, corrección e respecto debidos á persoa usuaria.

**SÉTIMA.-** O Club realizará un seguimento da asistencia ás Escolas Deportivas, entregando trimestralmente un informe de asistencias individualizadas dos alumnos das Escolas Deportivas.

**OITAVA.-** O Servizo Municipal de Deportes designará un responsable para as Escolas Deportivas que será o encargado de supervisar o estipulado no presente convenio, e de coordinar co Club todas aquelas medidas encamiñadas á mellora da actividade proposta.

**NOVENA.-** O Concello facilitará ao Club para o desenvolvemento da Escola Deportiva a promoción, publicidade, difusión da Escola e a xestión e mantemento das instalacións deportivas municipais.

**DECIMA.-** As inscricións das Escolas Deportivas competirán ao propio Concello coa colaboración do Club, e deberá facilitar a todas as persoas usuarias a información referente a:

- Lugar e horario para a realización de inscricións dos/as alumnos/as na Escola.
- Horarios
- Cota total a satisfacer (que se regulará mediante prezo público municipal)
- Procedemento de pago
- Toda a información relativa a oferta da actividade.

**UNDÉCIMA.-** O Concello aportará ao Club, a cantidade de 33.000,00 € por tempada (setembro a xullo), sendo ingresado con cargo ao orzamento do 2019, co desglose que se relaciona a continuación, anticipando o 50 por 100 (16.500 €) no momento da sinatura do convenio e o 50 por 100 restante cando xustifiquen o 100% do importe do convenio (antes do 30 de novembro).

	Concepto	Importe
<b>Promoción Deporte Federado</b>		
Categoría Sénior	Varios	2.000,00 €
Categorías Inferiores	Varios	21.000,00 €
<b>Eventos Deportivos</b>	Varios	10.000,00 €

Se algunha actividade das que se recollen na cláusula quinta b) non se organiza, o importe do convenio reducirase do seguinte xeito:

- Torneo de Prebenxamins Concello de Arteixo 500 €
- Torneo de Benxamins Concello de Arteixo 500 €
- Torneo de Alevíns Concello de Arteixo 500 €
- Torneo de Infantís Concello de Arteixo 500 €
- Torneo de Cadetes Concello de Arteixo 300 €
- Torneo de Fútbol Santiago Apóstol 1.700 €
- Campus de Fútbol de Verán 6.000 €

**DUODÉCIMA.-** A xustificación do convenio realizarase mediante a presentación da conta xustificativa coa documentación referida ao efecto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo, **antes do 30 de novembro**, contendo como mínimo o seguinte:




- **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006, de 21 de xullo)
- **Memoria económica xustificativa** (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo) dos gastos e investimentos da actividade, acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar na factura o "recibi" co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación



Detalle de **outros ingresos** de natureza privada (cotas ou aportacións de socios, cofinanciamento de socios ou persoas beneficiarias nas actividades recibidas...)

Detalle de **outras achegas ou subvencións** de fondos públicos que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia


- Certificado, de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto e presentar certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia e co Concello de Arteixo.
- Declaración de non atoparse a entidade incursoa en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.
- Declaración conforme a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.
- Facturas orixinais relativas aos gastos.

o *Coa finalidade de darlle cumprimento ao disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha diligencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo.*

*Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.*

*Non serán xustificables gastos de comidas ou bebidas.*

*Os documentos admitidos como xustificantes (facturas, nóminas e outros documentos de valor probatorio) deberán aplicar, no seu caso, as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan. A substitución da factura por outro tipo de xustificante deberá respectar os supostos previstos no artigo 4 do RD1496/2003, Regulamento de Facturación.*



Son gastos que se subvencionan aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria. A estes efectos só se poderán subvencionar conceptos reflectidos na Ordenanza Xeral de Subvencións.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirao para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

1. *Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250€.*

2. *Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.*

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións

**DECIMOTERCEIRA.-** O presente Convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2019; tendo en conta que a execución das actividades deberá comprender o período anual desde o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019.

**DECIMOCUARTA.-** O club disporá dunha póliza de responsabilidade civil, sendo a tomadora a entidade deportiva. Os seus compoñentes estarán en posesión da ficha federativa en vigor coa súa mutualidade deportiva, ou no seu defecto, dun seguro de accidentes que garanta a atención médica primaria e hospitalaria dos usuarios da entidade deportiva, e máis en concreto dos alumnos das Escolas Deportivas. Tanto a póliza de responsabilidade civil coma a de accidentes, manterán a súa vixencia e actualización económica polo tempo de duración do presente convenio, debendo presentar copia no Servizo Municipal de Deportes ao comezo de cada tempada.

**DECIMOQUINTA.-** Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Convenio, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte do Club de calquera das obrigas no mesmo contidas.

E en proba da conformidade ambas parte subscriben este convenio, a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

POLO CONCELLO DE ARTEIXO



Asdo.: Carlos Gilvelo Martínez  
Alcalde

POLO CLUB CLUB ATLÉTICO ARTEIXO



Asdo.: José López Souto  
Presidente



Asdo.: Ana Ramos Ramos